


"MEDINDO E CONTANDO"

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

CEIP PLURILINGÜE ALEXANDRE BÓVEDA
CHAPELA - REDONDELA



A. INTRODUCCIÓN

1. XUSTIFICACIÓN

Durante o presente curso 2013-14 pretendemos dar especial importancia á competencia matemática na vida escolar. O título do proxecto “ **Medindo e contando**” quere facer referencia a dúas grandes liñas de actuación: o aspecto máis matemático de **medir** en moitos aspectos da vida escolar e o segundo de **contar** esa experiencia, a transmisión de coñecementos como parte final do proceso de aprendizaxe.

Nos últimos anos, centrámonos en proxectos de centro máis relacionados coa coas competencias lingüísticas, sociais ou artísticas, polo que consideramos necesario afondar en aspectos relacionados coa competencia matemática pero cun matiz marcadamente social. Por este motivo, tentamos impregnar as diferentes actividades con problemas relacionados coas matemáticas e coa vida escolar e social. Un dos aspectos no que quixemos incidir especialmente este curso foi o **aspecto máis social das matemáticas**, pretendendo achegar o alumnado ao contexto de sociedade na que está a vivir e da importancia das matemáticas nos tempos actuais.

Neste sentido, fixemos especial fincapé na importancia dunha boa comprensión lectora para a mellora dos resultados. Tamén introducimos as autoinstrucións como metodoloxía para guiar os procesos de razoamento do alumnado con dificultades nesta área.

A creación dun **laboratorio matemático** cun enfoque máis manipulativo e experimental axudou a avanzar neste aspecto, partindo da bibliografía aportada pola biblioteca do centro.

Como citamos anteriormente, unha parte importante do resultado final foi a **transmisión de coñecementos e da información** e moitas das actividades do presente curso estiveron dirixidas a facer partícipes ao resto da comunidade dos diferentes traballos que as distintas aulas ían pescudando e aprendendo.

Especial atención mereceron as conmemoracións ao longo do curso, integrando o proxecto neses aspectos conmemorativos puntuais, dando lugar a espazos de debate e reflexión a partir de datos constatables.

Outra das dinámicas que se seguiron durante este curso foi o traballo entre diferentes cursos para a preparación de distintos proxectos e a súa **posterior explicación**. Esta foi unha pauta común para todas as conmemoracións, polo que o grao de implicación de toda a comunidade educativa foi moi elevado.

Todas as actividades conxuntas que se realizaron no centro foron programadas seguindo a **metodoloxía de traballo cooperativo**, xa que pensamos que é a mellor maneira de desenvolver as competencias e integrar a diversidade.

2. CALENDARIO DE REALIZACIÓN

- Mes de xuño: elección do tema do proxecto e elaboración do cadro por trimestres
- Mes de setembro: concreción curricular, interdepartamental e proposta de actividades da biblioteca escolar.
- Mes de outubro: fase de presentación e motivación entre o alumnado e as familias.
- De outubro a maio: desenvolvemento do proxecto integrado. Presentación das diferentes exposicións do alumnado. Elaboración de recursos.
- Mes de xuño: memoria avaliativa da biblioteca escolar e memoria avaliativa individual por parte do profesorado, recollidas na memoria final de curso.

3. ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

No proxecto participa todo o alumnado do centro e a maioría do profesorado.

4. ORGANIZACIÓN

A biblioteca propón a finais do curso anterior o tema central do proxecto para o vindeiro curso coas achegas que as titorías e o resto do profesorado dos distintos departamentos van aportando ao tema central que de tal xeito queda consensuado . Así, a principios de curso xa están marcadas as liñas

xerais do proxecto nun marco amplo. Nos primeiros días de setembro o profesorado encargase de adaptar o proxecto aos seus contidos curriculares e referenciais coas competencias básicas.

As bases de coordinación entre os outros departamentos (TIC, dinamización, complementarias) e a biblioteca establécense no mes setembro cando se organizan as grandes liñas de programación para o curso. O resto dos departamentos traballan arredor do proxecto central do centro que é proposto pola biblioteca e van facendo achegas de concreción ao proxecto. Temos que salientar que, co paso dos anos e cunha maior estabilidade do profesorado, esta coordinación vaise afianzando considerablemente, logrando así mellores resultados no referente á rendabilización do traballo e as consecuencias na aprendizaxe global. Tamén son vitais para un maior avance na realización do proxecto as reunións de coordinación entre departamentos coa coordinación da BE e coa xefatura de estudos a fin de axustar ao máximo a integración das diferentes actividades.

Na elaboración do proxecto de biblioteca temos en conta os **contidos curriculares** das diferentes materias para integralos e reforzalos. Así, tanto desde o equipo directivo como desde o equipo de biblioteca dáse moita importancia á integración de dito proxecto nas **programacións didácticas** de principio de curso. Neste sentido, pensamos que é fundamental o papel realizado pola biblioteca como elemento dinamizador e integrador na actividade escolar.

O equipo directivo ,xunto co departamento de orientación, artillou **medidas de reforzo** nas aulas. Nalgunha delas optouse, polas propias necesidades do alumnado, por facer un reforzo no traballo cooperativo **orientado á expresión escrita**. A motivación partiu de poemas, cancións, libros, imaxes, proporcionados pola BE. Ao longo do curso este obradoiro de expresión escrita deu moi bos resultados.

5. REFERENCIA AOS CONTIDOS E ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A referencia aos contidos e ás competencias básicas é constante en todo o proxecto, integrándoos contidos nas programacións das actividades relacionadas co proxecto e no posterior relato das actividades fanse en referencia ás competencias básicas que desenvolven ditas actividades. Especial relevancia, pola propia temática do proxecto, cobraron a competencia matemática e a competencia lingüística.

B. TEMÁTICA.

O proxecto titúlase “ MEDINDO E CONTANDO” e dividimos o proxecto por trimestres en tres grandes temas agrupados arredor de:

- **O tempo** (como valor e como aspecto cuantificable e medible) e a **planificación do traballo** (a axenda); así demos importancia aos diferentes aspectos do tempo nas nosas vidas(horarios, tempos de lecer, tempos de traballo), tamén coma un agasallo que debemos aproveitar tendo en conta a particular visión que o alumnado destas etapas ten do mesmo e a motivación para un maior aproveitamento escolar e vital. Fixemos análises de diversos calendarios, puxemos en valor as axendas escolares, reflexionamos sobre a importancia dun segundo e escribimos sobre iso.
- Ese tempo que vaise traducindo nun intercambio que se converte en traballo;**O traballo**, na súa dobre vertente tanto da ocupación dese tempo como do que conseguimos con ese traballo (**o salario**);traballamos así os oficios, estudamos e comparamos nóminas, falando tamén da ausencia dese traballo (o paro) ...
- Os diferentes **aspectos do diñeiro**(desde a numismática ata as tarxetas de crédito) ocuparon a terceira parte, expoñendo moedas antigas e comparándoas cos diferentes euros de Europa, deseñando billetes, buscando escritores neles, ...

	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
TÍTULO	O TEMPO É OURO	O TRABALLO/SALARIO	AS CARAS DO DIÑEIRO
MOTIVACIÓN	TEMPOS DE ANTES TEMPOS DE AGORA A RELACIÓN DOS NÓS FAMILIARES MAIORES COS CARTOS E CO TEMPO	AS FEIRAS: DE LIBROS, DE TROCO.	AS MOEDAS DE ONTE: A NUMISMÁTICA

FESTAS	SAMAÍN E MAGOSTO (CONXUNTA)	PAZ ENTROIDO ROSALÍA/DÍA DA MULLER	DÍA DO LIBRO: A LECTURA COMO TESOURO
LINGUA	- CAMPOS SEMÁNTICOS: PERDER O TEMPO, AFORRAR TEMPO... - EXPRESIÓN ESCRITA: PLAN DE VIDA, O FUTURO - DITOS E ADIVIÑAS SOBRE O TEMPO	- OFERTAS DE TRABALLO NA PRENSA: OFERTA E DEMANDA - ROSALÍA: A RIQUEZA E A POBREZA EN ROSALÍA. - AS PROFESIÓN E OS SUFIOS - AS MATEMÁTICAS DA POESÍA	- AS LETRAS GALEGAS: BEN A MANTER - O CAMPO SEMÁNTICO RELACIONADO CO DIÑEIRO . - COMPETENCIAS BÁSICAS: LECTURA DE ETIQUETAS: COMPOSICIÓN, PAÍSES, ORIXE, IDIOMAS DAS ETIQUETAS. - EXPRESIÓN ESCRITA: UN MUNDO SEN CARTOS
LINGUA INGLESA	- RELOXIO - A HORA - AS EXPRESIÓNS DO TEMPO - WHEN'S YOUR BIRTHDAY - WHEN I WAS YOUNG I...	- JOBS - WHAT DO YOU WANT TO BE WHEN YOU GROW OLDER? - WHAT DO YOU DO AT HOME? - HOMEWORK	- A MOEDA NOS PAÍSES DE FALA INGLESA. - O VOCABULARIO DOS CARTOS - GOING ON SHOPPING - SHOPS IN TOWN
COÑECEMENTO DO MEDIO	- OS PERIODOS DE TEMPO NA HISTORIA - FONTES DE ENERXÍA: COMO AFORRAR NOS CAMBIOS DE ESTACIÓN. - A DESCUBERTA DE NOVOS MATERIAIS AO LONGO DA HISTORIA COMO CAMBIO DE PRODUCCIÓN.	- AS PROFESIÓN E - A FALTA DE TRABALLO: O PARO - QUE SE PAGA CO SALARIO? - DIFERENTES TIPOS DE MERCADO: MERCADO DE TRABALLO, - O S MERCADOS NA HISTORIA. - RISCOS LABORAIS - A EMIGRACIÓN/ INMIGRACIÓN - PIRÁMIDES DE POBOACIÓN	- CLASES DE CARTOS: BONOS, FACTURAS, TICKETS DE AGASALLO, TARXETAS.. - DISTINTAS CLASES DE EUROS EN EUROPA - A ORIXE DO DIÑEIRO - OS TROCOS: DE CROMOS, DE LIBROS, - O BANCO DE TEMPO - O CAMBIO CLIMÁTICO EN CIFRAS. - AS MÁQUINAS E OS AVANCES TÉCNICOS RELACIONADOS COS CARTOS - A ORGANIZACIÓN PRODUTIVA ESPAÑOLA
MATEMÁTICAS	- AS MEDICIÓNS DO TEMPO: TIPOS E DIFERENZAS. - AS APROXIMACIÓN E - RELOXIO ANALÓXICO E DIXITAL - PROBLEMAS RELACIONADOS CO TEMPO. - O AFORRO E O GASTO: CANTO DURA UN LAPIS?	- O SALARIO. - GRÁFICAS SOBRE PROFESIÓN E, SALARIOS, DESCONTOS. - ESTADÍSTICAS - APROXIMACIÓN E	- ESTUDANDO AS FACTURAS: OS TANTO POR CIENTO, OS DESCONTOS. - O PREZO DAS COUSAS: DOUS POR UN, - O PREZO DUN LIBRO: QUE SE PAGA CANDO COMPRAMOS UN LIBRO? - AS SAÍDAS: ELABORAMOS UN ORZAMENTO - PAGAMOS E COMPRAMOS CON DIFERENTES COMBINACIÓN E DE MOEDAS E BILLETES. - DIFERENCIAR: INGRESOS, CUSTOS, BENEFICIOS... - OS NEGATIVOS: DÉBEDAS.
PLÁSTICA	- OS RELOXIOS BRANDOS DE DALÍ - TIME GOES BY: FROM PENCIL TO PHOTOSHOP	-DESEÑANDO ROUPA DE TRABALLO -DESEÑAMOS ESCAPARATES	- O DIÑEIRO NA ARTE. - DESEÑAMOS UNHA MOEDA OU UN BILLETEA. - MUSEOS E GALERÍAS – SEMELLANZAS E DIFERENZAS - DESEÑO DE ACCESORIOS RELATIVOS OS CARTOS.
MÚSICA	- CANCIÓNS RELACIONADAS CO RELOXIO. - A MEDICIÓNS DO TEMPO NA MÚSICA - CRONOLOXÍA MUSICAL	- CANTIGAS RELACIONADAS COS OFICIOS - CANTIGA SOLIDARIAS POLA PAZ - AS MULLERES NA MÚSICA	“AÍ VÉN O MAIO”: CURROS ENRÍQUEZ
EDUCACIÓN EN VALORES	- PLANIFICACIÓN DO DÍA: CANTO PAGAMOS POLAS ACTIVIDADES QUE FACEMOS? - PLANIFICACIÓN DA SEMÁN - AXENDA DO TRIMESTRE - AXENDA DO CURSO. - USO DA NOSA AXENDA - USOS E ABUSOS DOS ESPAZOS COMÚNS NA	- DÍA DA PAZ: O TRABALLO INFANTIL. O COMERCIO XUSTO - O CONSUMO RESPONSABLE: DEREITOS DO CONSUMIDOR. - DÍA DA MULLER: O TRABALLO DA MULLER. AS TAREFAS DOMÉSTICAS. CANTO CUSTA UNHA HORA DE TRABALLO NA	- TRABALLO COOPERATIVO: A MALETA - O VALOR MATERIAL E O VALOR PERSOAL DAS COUSAS. - QUE SE COMPRA CON CARTOS? QUE NON SE COMPRA?

	ESCOLA: CANTO CUSTAN OS ARRANXOS? • A PUNTUALIDADE	CASA? O TRABALLO COOPERATIVO :AS PÁXINAS AMARELAS. •	
TIC	• LIÑA CRONOLÓXICA DA HISTORIA E DAS DISTINTAS ETAPAS: ELABORACIÓN. • ELABORACIÓN DUN BANCO DE TEMPO (ALUMNADO MAIOR AXUDA NAS TIC AO PEQUENO NOS RECREOS). • POWER-POINT: O PASO DO TEMPO (ANTES/AGORA) • ETAPAS DA VIDA E PRESENCIA DA TECNOLOXÍA: VIDEO-XOGOS, PORTÁTEIS, PDAS (RELACIONAR CO NADAL) • ÁRBORES XENEALÓXICAS.	• POWER-POINT OU LIM: OFICIOS, POR SECTORES, ACTUAIS, TRADICIONAIS. OFICIOS PERDIDOS. • BUSCA DE TRABALLO ON-LINE: WEBS DE BUSCA DE EMPREGO, INFOJOBS.. • ELABORACIÓN DE CARTA DE PRESENTACIÓN E DO CURRÍCULUM VITAE.	• FOLLA DE CÁLCULO (EXCEL) PARA CONTABILIDADE FAMILIAR OU SAÍDA. • COMPRAS ON-LINE: PÁXINAS DE BUSCA (EBAY). A REDE COMO INTERCAMBIO. • RECURSOS GRATUÍTOS NA REDE.DESCARGAS, SEGURIDADE. • GRÁFICAS(ESTADÍSTICAS NA COMUNIDADE EDUCATIVA SOBRE AS COMPRAS ON-LINE. • BANCO DO COLEXIO: PRÉSTAMOS/INTERESES. • A PUBLICIDADE: FONTE DE INGRESOS PARA OS MEDIOS E BENEFICIOS QUE OBTEN O PUBLICITADO.
BIBLIOTECA	• BUSCA E ELABORACIÓN DE RECURSOS • OS TEMPOS NA BIBLIOTECA: DE SILENCIO, DE BUSCA, DE LECTURA, DE EMPRÉSTITOS, DE ESTUDO,DE AXUDA • CONTOS CLÁSICOS RELACIONADOS CO TEMA:A FORMIGA E A CIGARRA,...	• BUSCA E ELABORACIÓN DE RECURSOS	• A LECTURA COMO RIQUEZA, COMO TESOURO. • FÁBULOS E CONTOS SOBRE O DIÑEIRO: TESOUROS, FORTUNAS:"ALÍ BABÁ E OS CORENTA LADRÓNS". • OS LIBROS –XOIA. • A PERCURA DO LIBRO ROUBADO NA BIBLIOTECA • QUE SON OS BANCOS DE LIBROS? • XOGO DE PISTAS NA BIBLIOTECA • OS INCUNABLES
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	• AS ORIXES DO SAMAÍN.	• EN COLABORACIÓN CON TIC: BUSCA E ELABORACIÓN DE RECURSOS PARA O DÍA DE ROSALÍA • ENCOMENDAS DO BERETIÑO SOBRE ROSALÍA	• A PUBLICIDADE EN GALEGO • AS COPLAS DOS MAIOS • TROCO DE COPLAS POR BERETIÑOS

C. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

- No mes de xuño, cando se trazan as liñas prioritarias de actuación para a biblioteca escolar para o vindeiro curso, queda elixido o tema central do proxecto, avaliadas as necesidades ou carencias do alumnado en xeral ou as especial motivación que o tema poda ter no mesmo.
- Nese mesmo mes, elaborase un cadro por trimestres, como marco referencial para o profesorado. Este cadro é elaborado pola BE.
- Na primeira quincena de setembro, realízanse as reunións entre departamentos e xunto coa coordinación da BE e a xefatura de estudos para a programación máis troncal das actividades.
- Na segunda quincena de setembro e no mes de outubro prodúcese a fase de presentación ao alumnado dos diferentes aspectos dos temas a tratar dentro do proxecto e comézanse as primeiras accións relacionadas con este: elección dos nomes das aulas e as primeiras propostas de actividades.
- No mes de outubro realízase a fase de presentación ás familias, tanto nas reunións de principio de curso, presentando as grandes liñas de actuación e a invitación as colaboracións, como a través do blog da biblioteca.
- Dentro da fase de motivación , durante o mes de outubro, realízase unha exposición central na entrada da escola sobre un tema do proxecto (“A escolas antigas de Chapela” e “ As escolas

doutros tempos”). Nesta exposición a colaboración das familias é fundamental para a súa realización e nela colaboran todos os departamentos do centro.

- g. Ao longo do curso vaise desenvolvendo o proxecto con exposición orais puntuais e diferentes aspectos avaliativos do esmo.
- h. Durante este tempo elabóranse e proporciónanse recursos (por parte da BE), para traballar determinados contidos do proxecto.
- i. No mes de xuño, é a avaliación do proxecto por parte do profesorado que queda reflectida tanto na memoria da BE como na memoria final do centro.

D. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO DO CENTRO.

• Fase de motivación

Como fase de motivación cada ano se realiza unha gran exposición na entrada da escola. Nesta ocasión, o tema central foi “**AS ESCOLAS DE CHAPELA**” e moitas familias colaboraron enviando fotos do seu paso pola escola ou fotos de diferentes escolas antigas de Chapela. Tamén se fixo unha mostra de obxectos escolares antigos como cadernos de notas, follas de cualificacións, material de escritura, libros, diplomas, ... que foron achegando moitas familias da escola. O equipo de Tic fixo unha montaxe de vídeo coas fotos e cos datos facilitados polas familias que se exhibiu continuamente a carón da biblioteca e que tamén serviu como recurso para posteriores actividades. Esta exposición foi montada en colaboración cos diferentes departamentos. Ademais, desde a biblioteca elaborouse unha guía da exposición para percorrela co alumnado atendendo a diversos aspectos, tanto do propio contido específico como introducindo actividades relacionadas coas matemáticas.

Para poñer en camiño e motivar ao alumnado puxemos en marcha unha recollida de fotografías e materiais das escolas antigas o que levaría ao alumnado a visualizar o paso do tempo.

- Investigación para poder poñer o nome a aula ,a importancia do tempo e o seu emprego, que facer co tempo que queda de ocio, como prestar o tempo a os demais.
- Realizamos fotografías ao alumnado nun decorado lembrando unha aula antiga.
- Tamén foron retratados neste decorado persoas pertencentes á comunidade educativa: familias, visitantes, inspectora, concelleiro,..
- Ambientación das aulas e espazos comúns en referencia ao nome escollido para cada unha das aulas de 2º (A máquina do tempo e A Reloxería Máxica) e busca dos nomes dos diferentes equipos cooperativos relacionados co tema.
- Investigación sobre as moedas de diferentes países para a elección dos nomes dos grupos de aula (A Fábrica de moedas (3º): Pesetas, Reais, Dólares, Bolívares, Euros e Pesos Arxentinos.
- Investigación sobre os nomes relacionados co paso do tempo para a elección dos grupos (Os contadores (4º)): Cavernícolas, Futuristas, Celtas, Prehistóricos, Reloxo de cuco e Cronómetros.

I. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

a. A HORA DE LER

Durante o presente curso, a HORA DE LER volveuse máis dinámica, incorporando novas actividades relacionadas coa lectura: xornais(martes), pescudando neles noticias relacionadas coas matemáticas; outra maneira de poñer ao alumnado en contacto co tema foi distribuír polas aulas libros relacionados co proxecto que foron especialmente motivadores e gozaron de gran aceptación; moitos deles tiñan que ver con contos onde se integraban razoamentos lóxico- matemáticos.

Ademais, empezouse un proxecto en E. Infantil (4º) para sistematizar a HORA DE LER arredor dos contos clásicos, con propostas posteriores de traballo e que continuará no vindeiro curso. Esta actividade estaba integrada na proposta de enfocar a lectura como un “tesouro”, algo valioso que

podemos cultivar e compartir e ao mesmo tempo iniciar ao alumnado máis pequeno no coñecemento e gozo dos contos universais que alimenta o noso imaxinario común.

b. LINGUA

- Recollida e investigación de refráns relacionados co tempo. Elaboración de contos con expresións do tempo e o tempo no futuro.
- Ofertas de compras e vendas de produtos, obxectos en taboleiros, mediante slogans publicitarios.
- As matemáticas da poesía: Medicións de versos.
- Investigación sobre o campo semántico relacionado co diñeiro.. Expresión escrita: Como sería un mundo sen cartos?
- Descrición do cadro de Dalí “ A persistencia da memoria” coñecido como “ Os reloxos brandos”. Descrición de ambientes: O cadro de “ A manifestación “ de A. Berni.
- A letra secreta: o razoamento lóxico nos contos. Que letra falta? Elaboración posterior dun escrito con características similares.
- Creacións de poemas a partir doutros poemas ou de cancións: “Aí vén o maio”(Curros Enríquez), “Paseniño”(Rosalía) ou “ Vida” (Marcos Ana).
- As fábulas: Análise de “ A chicharra e a formiga”. Aplicacións na vida real. Elaboración en traballo cooperativo doutro final.

c. E. INFANTIL: Proxecto :” Imos comprar , Imos mercar” : Montamos unha librería fora da nosa aula co nome de “ Mar de libros “ , onde o encargado do día nos recomenda un libro , o levamos para nosa clase , cada libro custa uns cartos , que pagamos cunhas moedas creadas co título do conto que imos contar e posteriormente representar.

d. ITINERARIOS LECTORES: Na elección dos itinerarios lectores procúrase escoller algúns libros que fagan algún tipo de referencia ao proxecto; así:

- Lectura do libro “OS OFICIOS DE CHUQUELO” (Pinto& Chinto. Galaxia). Traballo sobre oficios.
- Lectura de “UN COCODRILO MISTERIOSO” (A. Alonso. Anaya) no que se manexaron conceptos relacionados co tempo, as horas, clases de reloxos, experimentos cos reloxos de area,..
- Lectura de “A ILLA DO TESOURO” (R.L. Stevenson. Almadraza), na idea tanto de “xoia da literatura universal” como de entender o concepto da cobiza no seu valor metafórico.

e. BANDA DESEÑADA. Traballo sobre a relación entre Xulio Verne e Redondela e sobre o seu libro “ Vinte leguas baixo dos mares”. Tendo en conta que falamos , no primeiro trimestre, moito de tesouros, non podiamos esquecer a vinculación da escola co Tesouro de Rande, de aí a natural ligazón dos tres termos: Verne, Rande e o capitán Nemo. Os pasos foron os seguintes: Análise da pasaxe do libro “Vinte leguas baixo dos mares” no que se cita a baía de Vigo e Redondela. Busca de información sobre o tesouro de Rande. Visita ao Museo Meirande e a illa de San Simón como complemento á esta busca de información. Parte teórica: elementos fundamentais da banda deseñada. Parte práctica: Elaboración dun guión. Elaboración por equipos da parte gráfica e do texto. Revisión dos erros máis frecuentes. Deseño final.

f. DÍA DAS BIBLIOTECAS: traballo sobre un conto relacionado coas matemáticas e unha película sobre a lectura. En colaboración coas bibliotecas de Redondela, escolleuse un conto relacionado coas matemáticas (*365 pinguinos*) xa que a proposta feita desde as Bibliotecas escolares de Galicia era “ Ler ciencia na biblioteca escolar”. Deste xeito, e coa metodoloxía de traballo cooperativo, foise contando o conto a medida que o alumnado, por equipo, ía resolvendo os distintos problemas que van xurdindo no libro que , ademais, ten un marcado carácter ecoloxista polo que se trataron tamén temas relacionados co medio ambiente. Visionado da película “ LA ESTRELLA ALCANZAR” en varios cursos de primaria e posterior traballo de busca de información e de comprensión da información. A película fomenta o amor pola lectura como forma de entender e mellorar o mundo.

- g. DÍA DE ROSALÍA: “DESCALCIÑA DE PÉ E PERNA”.** Arredor deses días desenvólveronse na escola diferentes actividades:
- Presentación de recursos para traballar o tema nas aulas. Realizouse unha escolma de versos de Rosalía relacionados coa pobreza e a desigualdade, así como outros poemas relacionados co tempo ou con medidas.
 - Programación de diferentes actividades para realizar nas aulas: Pescuda sobre a biografía de Rosalía. Recitado dos poemas anteriormente facilitados. Exposición oral. Traballo sobre poemas de Rosalía relacionados co tempo. Traballo sobre poema “**Teño tres pitas brancas e un galo negro**”, relacionándoo co proxecto (antes, despois, medidas, cantidades..). Traballo sobre o poema “**Paseniño, paseniño**”: comprensión e elaboración dun poema novo a partir dese. **Rosalía no xornal**: en colaboración con TIC, búscanse noticias nos xornais dixitais que relacionen os poemas de Rosalía co proxecto. **Rosalía e os cartos**: actividades relacionadas cos personaxes da cultura que aparecen nalgúns billetes. Traballo de investigación.
- h. DÍA DA POESÍA. “SOMOS UN TESOURO, SOMOS POESÍA”** A idea principal que dá lugar ao título é transmitir ao alumnado a visión da poesía como un tesouro que debemos conservar, un valor sen prezo, unha fonte de gozo e de coñecemento”. Este día xirou arredor de varias actividades baseadas na exposición e recitado de poemas relacionados co proxecto e recompoñer eses poemas nun mural posterior.
- i. DÍA DO LIBRO:** Leváronse adiante varias actividades nas que se escollía a portada do libro favorito que se recomendaba(con título, autor, editorial,); con ditas portadas confeccionáronse murais colocados nos corredores ou na entrada, semellando estantes dunha biblioteca, librería e elaboración de encrucillados alusivos ás portadas dos libros e busca de solucións polos corredores das escola. Tamén houbo busca de citas literarias relacionadas coa lectura, uns equipos en internet e outros en libros da biblioteca e elaboración dun documento final así como investigación sobre os libros incunables, seguindo un cuestionario elaborado pola BE.
- j. LINGUA INGLESA:** Actividades para o coñecemento da Biblioteca- My Library: traballo sobre as coleccións, recursos, xéneros, CDU, ..
- k. LINGUA INGLESA/ E. PLÁSTICA**
- No 1º trimestre co tema “O TEMPO É OURO” traballouse fundamentalmente en textos que fan diferenza directa ao estudo de: o reloxo, expresións do tempo, tempos verbais (presente, pasado, futuro) e o paso do tempo: Tradicións. Mitos e Lendas.
 - No 2º trimestre co tema de “O TRABALLO E O SALARIO” traballouse sobre as profesións e as expectativas de futuro.
 - No 3º trimestre coas “AS CARAS DO DIÑEIRO” traballouse fundamentalmente en textos que desenvolveran: a moeda nos países de fala inglesa, vocabulario dos cartos e ir de compras e manexo de cartos.

II. COMPETENCIA MATEMÁTICA

- **“ESTUDAR NESTE CENTRO NON TEN PREZO”**
Este é o título da unidade didáctica presentada ao alumnado e cuxo obxectivo último consistía en facelos conscientes dos gastos que se van ocasionados no centro a causa do mal uso ou do abuso das instalacións e súa repercusión negativa para a realización doutras actividades. Coas facturas na man, ideáronse unha serie de problemas relacionados cos arranxos do centro e distribuíronse entre todo o alumnado segundo os diferentes niveis.
- **25 DE NOVIEMBRE: DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: “AS MEDIDAS CONTRA A VIOLENCIA”:** Todo o alumnado participou nunha actividade conxunta na que se analizaban aspectos positivos e negativos nas relacións persoais e logo “medíanse” estes aspectos segundo uns parámetros establecidos. O obxectivo final era inducir ao pensamento de que sempre terán máis valor os actos de convivencia que de intolerancia. A biblioteca forneceu de recursos para traballar nas aulas e realizáronse diferentes actividades de comprensión lectora e de razoamento lóxico-

matemático con elaboración de gráficas así como diferentes actividades de busca de información. Tamén se fixeron lemas publicitarios en forma de operacións matemáticas.

- **DÍA DA MULLER TRABALLADORA:** o alumnado de 2º conxuntamente coa clase de E.I.(5 anos) realizou actividade titulada **AS CIFRAS DAS MULLERES**. Dita actividade tiña por obxectivo un achegamento do alumnado á recollida de datos e á súa categorización en táboas ou gráficas para facer unha posterior análise da situación de homes e mulleres con respecto ao traballo. A actividade levouse a cabo nestas fases: primeiro, recollida de información polas diferentes aulas do centro sobre distribución de tarefas domésticas na súa casa, tratamento dos datos obtidos facendo diferentes clasificacións, creación de gráficas e exposición para facer partícipes do resultados da investigación a todo o alumnado do centro e análise e reflexión sobre os resultados.
- As distintas clases de **euros** en Europa. Distintas **moedas** de diferentes países. Actividades manipulativas con **cartos** no laboratorio matemático.
- Análise das **etiquetas**: busca das etiquetas na propia roupa, análise da simboloxía e posterior confección do disface. Comprensión lectora de **tickets**.
- Estudo dos distintos tipos de **numeración**: romana e exipcia . O seu emprego na actualidade. Traballo de investigación sobre a **numeración das rúas** (pares, impares).
- Traballo manipulativo con **reloxos analóxicos e dixitais** e resolucións de `problemas relacionados co tempo . Traballo de investigación co calendario e as datas dos aniversarios.
- Busca do que significa o **IVE**: cálculos sinxelos e con calculadora de datos significativos relacionados co IVE. Exposición oral por parte do alumnado do que significa o IVE. As aproximacións e o redondeo na nosa vida cotiá en relación aos cartos e as compras.
- Elaboración de distintos tipos de **gráficas**. Problemas de percorridos relacionados co tempo
- Estudo dun **recibo da luz** por medio de gráficas: Meses de máis consumo. Análise da gráfica anual de consumo. Estudo **de facturas**, tantos por cento e descontos.
- Problemas de descontos e custos de diferentes actividades da vida cotiá. Porcentaxes de descontos, rebaixas. Preparación dunha **actividade da vida cotiá** (saída ao cine, comparar un billete de tren...) aproveitando ofertas e previsión de custos. Análise ao longo dun período de tempo os custos, ingresos, beneficios dunha actividade realizada. Elaboración dun **presuposto familiar** para a compra diaria e semanal (prezos, comparación de ofertas, ...)
- **SAÍDA: Obradoiro matemático** á Semana Matemática de Vigo.
- Traballo en colaboración coa familia da actividade “**A miña liña do tempo**”. Visionado de vídeo: *El paso del tiempo*”. Traballo coas **liñas do tempo**.
- Actividades onde se relacionan porcentaxe, fracción e outra nomenclatura (mitade, cuarta parte, décima parte,...) e a súa relación cos **descontos, salarios, retencións** dun traballador nos problemas que se lle propuxo ao alumnado. Traballo de aproximacións nalgunhas actividades de cálculo mental en relación cos conceptos a traballar tales como salario e retención. Cálculo do que custaría pintar unha superficie determinada tendo en conta o prezo da pintura e a zona que habería que pintar (kg/m^2).
- **EDUCACIÓN INFANTIL:** Elaboramos unha árbore con reciclaxe , enchéndoa con números de *goma eva* .
 - **Proxecto:” Numerolandia”** , nas nosas aulas aparecen NUMEROLOLA e NUMERÍN como mascotas deste proxecto , onde participan familias e alumnado , contestando a unha serie de preguntas nun libro e enchéndoo con experiencias relacionadas cós números .
 - **“O mundo dos números”**. Para motivar ós nenos cara o proxecto traballamos a importancia que teñen os números na vida cotiá, falando de que pasaría se non houberse números no mundo a través dunha serie de traballos.
 - **“Investigamos sobre as medidas”**. Neste proxecto incluimos unha serie de actividades nas cales investigamos sobre a medidas, instrumentos para medir, as medidas do noso corpo ou medidas dos obxectos que nos rodean.
 - Confeccionamos un **metro** coa **medida** arbitraria dun folio (tres folios en total) e con iso buscamos pola aula cousas que medían mas dun metro e cousas que medían menos e o apuntamos no caderno de medidas.

- Investigación das **medidas do noso corpo** (peso e altura), elaboración de distintas gráficas e resolución de cuestionarios cos datos recollidos.

III. COMPETENCIA EN COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

- Investigación das distintas fontes de enerxía. Que fontes de enerxía empregamos nos nosos fogares e como xestionamos o seu aforro . Concienciación da potenciación do consumo de enerxías renovables e menos contaminantes. O impacto no medio do consumo abusivo das enerxías máis contaminantes.
- Visita ao museo Massó. A importancia do descubrimento do compás e a importancia da carta náutica.

IV. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

- a. **LINGUA INGLESA/E. PLÁSTICA:** Actividades de busca de Información Referidas a Mitos e Lendas.Divulgación: realización das actividades a través do blog: <http://artexpress-expressyou.blogspot.com.es/>.

b. AULAS TIC

- **1º trimestre**
 - Investigación de **refróns relacionados co tempo** para o calendario . Calendario con refróns relacionados cos meses do ano: Elaboración dun calendario en formato Publisher inserindo imaxes e introducindo refróns relacionados con cada un dos meses do ano.
 - Investigación sobre a **evolución de diferentes obxectos ou lugares co paso do tempo**. Powerpoint: O paso do tempo (antes/agora) das cousas (evolución): Traballo de investigación e elaboración dun powerpoint sobre a evolución co paso do tempo, de obxectos de uso cotiá, de lugares, et... explicando como foron cambiando co mesmo..
 - Liña cronolóxica da historia e **das distintas etapas da vida**: Elaboración dunha liña cronolóxica en formato powerpoint, da vida dos alumn@s (1º e 2º ciclo) e no 3º ciclo das etapas da historia.
- **2º trimestre**
 - Investigación sobre os **números relevantes na vida de Rosalía de Castro**.(3º)
 - Investigación sobre datos de poboación e estatísticas e **elaboración dunha pirámide de poboación** en excell.(5º). Powerpoint: **Dos oficios** relacionados cos diferentes sectores económicos. Elaboración dun powerpoint relacionado cos oficios dos distintos sectores económicos e aclarando os diferentes conceptos relacionados cos mesmos (instrumentos necesarios, calidades e modo de financiamento).
 - **Busca de traballo on-line**: Webs de busca de emprego, infojobs, etc. Realización de distintas fichas investigando sobre a busca de emprego on-line investigando en distintas páxinas relacionadas.
 - **Elaboración de curriculum vitae**. Elaboración dun simulacro de curriculum vitae propio en formato publisher.
 - Folla de cálculo excell para a **contabilidade familiar**: Elaboración dunha lista da compra orzamento dado.
 - **Compras on-line**: páxinas de busca, ebay. Realización de distintas fichas investigando sobre páxinas de compra on-line, vantaxes e inconvenientes, ...
 - **A rede como intercambio**: Investigación sobre diferentes recursos que podemos atopar na rede.
 - **Gráficas**: Estatísticas na comunidade educativa sobre as compras on-line. Elaboración dunha enquisa entre o alumnado sobre as compras on-line para elaborar unha gráfica cos resultados da enquisa.
- **3º trimestre**
 - Investigación sobre webs relacionadas coa compra on-line e a busca de emprego.
 - Investigación sobre os datos de utilización de **compras on-line entre a comunidade educativa**.

V. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

- a. **RELIXIÓN CATÓLICA**:Parábolas: o sementador, a ovella perdida (o pastor), os traballadores da viña.Os traballos da época da Biblia.Xesús e o mozo rico.Parábolas: os Talentos, a moeda perdida, o tesouro escondido. O rei Midas.
- b. **Elaboración de actividades como fomento da lectura e do traballo cooperativo** co libro “Una abeja de más” (Pi Andreu/ Kim Amate. Takatuka) . Preténdese incidir na reflexión sobre o

traballo en equipo e busca de solucións pacíficas e desenvolver aspectos relacionados coas inferencias lectoras.

- c. Traballar as **consecuencias das guerras, das inxustizas e da avaricia** e ao mesmo tempo cas inferencias lectoras a través do libro “Seis hombres” (D. McKee. Libros del Zorro Rojo).
- d. Introducir a noción da **relatividade do tempo** por medio da lectura do libro: “Un só segundo” (Freytes/ Morais. Kalandraka). Posterior traballo de elaboración dun escrito con características similares ás do conto.
- **AS IDADES DA HISTORIA:** Busca de recursos sobre o paso do tempo nas diferentes civilizacións ao longo da historia, así como os instrumentos de medición do mesmo. Traballamos en grupo as distintas etapas ou idades da historia, separados entre si por acontecementos importantes que marcan os distintos modos de vida das persoas .
- Achegas de **diferentes tipos de reloxos** por parte do alumnado co proxecto de facer unha exposición para todo o centro. As actividades levadas a cabo foron as seguintes: Clasificación dos reloxos en diferentes categorías. Investigación por parte de cada equipo dunha categoría diferente: historia, uso, modelos...primeiro en traballo individual e despois recompilando a información de todos os membros do equipo. Preparación de etiquetas, carteis, folletos informativos para a exposición. A descrición destes reloxos.
- Visita a lonxa de Bueu: **como se fai unha poxa**. Onde venden o seu peixe. Toneladas pescadas. Especialidades da lonxa de Bueu.
- A **emigración e inmigración**, factores decisivos na pirámide de poboación. A poboación e os sectores económicos. Porcentaxes de poboación dedicada a cada sector dependendo do desenvolvemento económico do país.

VI. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

- **ENTROIDO:** todos os ciclos escolleron o seu disface para o Entroido tendo como motivo algún aspecto do proxecto. E. Infantil: Reloxos de cuco. 1º ciclo: Etiquetas. 2º ciclo: Balanzas. 3º ciclo: Calculadoras. Ademais, as ordes do Meco na semana precedente déronlle especial protagonismo ao proxecto da BE.
- En **PLÁSTICA:** Deseño dun billete e dunha moeda imaxinarias.
- **EDUCACIÓN MUSICAL:** Traballamos os aspectos da linguaxe musical relacionados co tempo e a súa medición: figuras e compases. Para celebrar o Día da paz, utilizamos a cantiga “Toc-toc”, que o alumnado interpretou e fixo traballos sobre a mesma. Este ano, ademais de facer as coplas e celebrar a festa dos Maíos como todos os anos, tamén traballamos co 1º e o 3º ciclo a cantiga “Aí vén o maio”, de Manuel Curros Enríquez e Luis Emilio Batallán. Fixemos unha audición da mesma, cantámola e tamén visualizamos un vídeo onde se dramatiza a letra da canción. Realización das coplas dos Maíos por parte de todo o alumnado do colexio, e posterior interpretación das mesmas durante a festa dos Maíos. Moitas das coplas facían referencia ao proxecto de centro.
- **E. INFANTIL: Proxecto : “tic – tac :** En expresión plástica elaboramos reloxos de area e analóxicos , medimos os diferentes tempos na nosa aula mediante os reloxos de area e escribimos a hora en reloxos de agulla. Tamén fixemos equipo baixo o nome de distintos tipos de reloxos. **PROXECTO ROSALÍA:** Liñas do tempo: Biografía de Rosalía. Estudo da figura de Rosalía de Castro. Representación plástica, por medio de edificios, símbolos e maquetas dos lugares da vida de Rosalía.

VII. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- **MOTIVACIÓN :Proxecto : “ Na procura do tesouro”:** Comezamos o noso proxecto , buscando os nomes das nosas aulas e atopamos un tesouro cheo de moedas e a partir das moedas traballamos diferentes aspectos do tempo .
- Traballamos **o paso do tempo** , mediante os cambios nas estacións: **“Traballando cos calendarios aprendemos”**. Aproximamos os alumnos ao paso do tempo e ao emprego do calendario como

instrumento para medilo. “**O Outono de Arcimboldo**”. Proxecto no que se traballa o outono e as súas características a través deste pintor que emprega produtos da natureza para as súas creacións.

- Xogamos cos nomes dos nenos/as a partir de **billetes** personalizados baixo o formato de pesos. Cada neno/a tiña que buscar unha parella e colocar o nome correspondente. Tamén aprendemos a ordenar números en distintos teléfonos.
- No Nadal : Chegado o nadal descubrimos os xogos de azar “ A lotería”. Montaxe dun billete de lotería pasando o seu nome a unha cifra.

VIII. AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

Púxose especial empeño na planificación das actividades cotiás e semanais como un xeito de render o traballo e o tempo. Neste senso, o traballo titorial, xunto co departamento de Orientación como parte de asesoramento, foi fundamental. Nas reunións coas familias, a principio de curso, priorizouse tamén a **importancia das axendas**, da súa orde e do seu uso como un dos medios para levar a cabo boas prácticas educativas. Esta concienciación do alumnado na que a axenda pasa a ser unha parte importantísima do material escolar cotiá vai dando os seus froitos ao longo do curso e, así, a meirande parte do alumnado utiliza a axenda cun uso regular e sistemático, o cal incide positivamente no seu rendemento. Este punto formaba parte do proxecto da BE para os primeiros días de curso. Por esta razón, neses días de curso traballáronse diferentes valores: A importancia do uso da axenda para a planificación do tempo ao longo da semana. Planificación do curso escolar (a repartición en tempos por trimestre). Uso e respecto dos espazos comúns. Repartición semanal para o uso destes espazos. Os horarios escolares, a puntualidade . Explicación dos motivos para a necesidade da puntualidade nos diferentes traballos.

E. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS

- **Boletín da Caracola Tola** con libros sobre o proxecto. Tanto para preparar o proxecto ao principio de curso como despois fomos facendo adquisicións de fondos relacionados co proxecto central, realizando unha **bibliografía** para recurso do profesorado así como recomendacións desde o blog da biblioteca.
- Reelaboración de **rúbricas para avaliar a expresión oral** das actividades realizadas polo alumnado.
- Elaboración de **cuestionarios** realizados ao alumnado despois das saídas efectuadas relacionadas co proxecto.
- **Elaboración de materiais propios** para traballar co alumnado sobre unha película(“La estrella alacazar”), contos, (“Seis Hombres”, “La abeja de más”,) libros dos itinerarios (“Os oficios de Chuquelo”), a exposición da entrada (“Tempos da escola”), Rosalía de Castro (“Paseniño, Paseniño”), a música (“A música e o cómic na biblioteca”)
- **Elaboración de recursos** para traballar determinadas conmemoracións: “Descalciña de pé e perna”(Rosalía).
- **Elaboración de presentacións** como remate da actividade: “Os pesetas e a carta de Nadal”
- Elaboración dun vídeo da entrevista realizado polo alumnado de 6º a “MALVELA” sobre “Os tempos de antes” e sobre “os maíns” para a súa presentación a “PONTE NAS ONDAS”
- Colaboración coas TIC para a elaboración da actividade LIM relacionada coa exposición e os tempos antigos.

F. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- **Elaboración de carteis con poemas relacionados coas matemáticas** en diferentes localizacións da escola, sobre todo nas áreas comúns do profesorado (sala de profesorado, servizos, taboleiros de anuncios, despachos...), como unha forma de concienciación co proxecto.
- Colaboración co programa “ Valores de futuro “ do BBVA co alumnado de 3º ciclo, no que se **deseñaron actividades relacionados co aforro**: campaña de sensibilización de aforro de enerxía eléctrica na escola e na casa e campaña coas merendas (dirixido aos cursos máis baixos) para que

non se desperdicien. Esta campaña consistiu na confección de lemas e debuxos para facer colgantes e murais colocados pola escola para concienciar á comunidade educativa.

- Na campaña que cada curso realiza o departamento de **DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA** está presente sempre o tema central do proxecto da biblioteca. Así: Troco de Beretiños por refráns relacionados co tempo.

G. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

- É constante a **subida ao blog da BE** de recursos para traballar diferentes aspectos do currículo, así como ás exposicións temáticas.
- **A PORTADA DA MEMORIA DO PLAMBE:** o equipo de TIC convocou un concurso de ideas entre as familias da escola para deseñar unha portada para esta memoria. A elección da mellor será a portada. Ao haber moitas e variadas ideas, optouse por poñer tamén unha contraportada.

H. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO.

- Produciuse un aumento na competencia lingüística no que respecta á construción e a comunicación do coñecemento xa que moitas das actividades estiveron encamiñadas a desenvolverlas dese xeito. Para a comprobación seguíronse unhas rúbricas sobre expresión oral.
- Tamén temos constancia nas probas avaliativas efectuadas (AVALDIA e probas de comprensión lectora do departamento de Orientación) dun aumento da comprensión lectora.
- Aumentou a competencia para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e laboral.
- Houbo un alto grao de participación do profesorado e do alumnado nas actividades programadas.
- Incrementouse a competencia social e cidadá en base a realización das tarefas coa metodoloxía de traballo cooperativo.
- Aumentou a competencia dirixida a mellorar e preservar as condicións de vida propia e do resto dos seres vivos no que respecta aos hábitos de consumo, uso responsable dos recursos e coidado do medio.

I. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

- A biblioteca planifica e implementa o currículo escolar avaliando as necesidades do centro e proponendo o núcleo temático a traballar durante o curso.
- A biblioteca proporciona a información e os recursos necesarios para levar adiante o proxecto de centro.
- Desde a biblioteca escolar (xunto co equipo directivo) coordínanse reunións entre departamentos para deseñar os contidos e as actividades a desenvolver posteriormente.
- Desde o blog da biblioteca escolar <http://caracolatola.blogspot.com.es/2013/09/medindo-contando-proxecto-integrado-de.html> difúndese o proxecto e as súas actividades entre a comunidade educativa.
- Forma ao alumnado na busca, recollida, selección e tratamento da información na realización dos diferentes traballos.
- A biblioteca participa na planificación de actividades relacionadas co currículo.
- A biblioteca diseña e organiza exposicións relacionadas cos núcleos temáticos do proxecto.
- A biblioteca elabora recursos propios relacionados co currículo.

URL DO ESPAZO WEB:

<http://caracolatola.blogspot.com.es/>